

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A SOCIEDADE ONCOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPREHENSIVE CANCER CENTRE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 23 de xullo de 2026, coa Sociedade Oncolóxica de Galicia o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de 2 anos, a contar desde a súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco xeral de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Oncolóxica de Galicia para o impulso do Centro de Coidado Integral do Cancro de Galicia («CCC Galicia»), e a súa participación no proceso de acreditación europea como *Comprehensive Cancer Centre* no marco da acción conxunta *EUnetCCC*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde ten como un dos seus obxectivos estratéxicos a excelencia na atención oncolóxica integral aos cidadáns de Galicia, no marco do cal promoveu a creación do Centro de Coidado Integral do Cancro de Galicia («CCC Galicia»), concibido como un sistema integrado multinodal cunha gobernanza única que articula os recursos asistenciais das sete áreas sanitarias do sistema sanitario público galego, con catorce hospitais, tres institutos de investigación biomédica e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), traballando en rede.

O Servizo Galego de Saúde decidiu participar no proceso de acreditación de *Comprehensive Cancer Centres* no marco da acción conxunta *EUnetCCC* (*European Network of Comprehensive Cancer Centres*), financiada pola Unión Europea, que constitúe un dos puntos clave do *Europe's Beating Cancer Plan* (Plan Europeo contra o Cancro). Este proceso rematará en 2028 e abarca un conxunto harmonizado de



criterios e estándares de calidade en sete dimensións: Gobernanza, Coidado, Investigación, Integración de Asistencia e Investigación, Innovación, Prevención e Educación e Formación.

A Sociedade Oncolóxica de Galicia (SOG) é a sociedade científica de referencia na oncoloxía de Galicia, agrupa a profesionais das disciplinas implicadas na atención integral ao paciente con cancro, e conta con ampla experiencia en actividades de formación continuada, elaboración de guías e protocolos clínicos, e fomento da investigación oncolóxica no ámbito galego.

A SOG propuxo formalmente ao Servizo Galego de Saúde o seu interese en colaborar activamente no proxecto CCC Galicia, co fin de sumar a súa capacidade científica, a súa rede profesional e a súa representatividade na comunidade oncolóxica ao impulso do desenvolvemento do CCC Galicia e a obtención da súa certificación, en beneficio dos pacientes galegos con cancro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

